FaCoM FEST 2025

bases de participación

1. Sobre o festival

Se tivésemos que definir o Facom Fast cunha única frase, a modo de tagline, sería "Un festival galego para o estudantado". Isto déixanos con dous focos de interese principais: por un lado, o noso innegociable compromiso coa promoción de proxectos galegos; e, por outro lado, o matiz do "estudantado". A diferencia de anos anteriores, nesta 4ª edición buscamos darlle visibilidade a obras do estudantado galego, pero tamén do de calquera rexión do mundo. Cremos que a nosa condición de estudantes é un punto vital para establecer diálogos e debates, ver puntos comúns ou disonantes e, sobre todo, aprender. Pese a que aínda nos estamos formando, esta proposta internacional aspira a dar a capacidade de ensinar, esta vez nós –os estudantes globais– aos nosos iguais. A compartir experiencias, visións, técnicas e, quen sabe, contactos. Tomando o relevo doutras edicións, entendemos que en moitas ocasións os traballos feitos nas etapas formativas quedan no ostracismo. Consideramos interesante que teñan a capacidade de contar cun percorrido, de ser vistos e comentados. Incluso sobrepasar fronteiras, que moitas veces parece un fito complicado ao entrar neste mundo profesional.

Así, nesta nova edición ofrecemos a posibilidade de que todo estudantado actualmente matriculado, ou que rematase os seus estudos no ano anterior, en calquera universidade ou centro de formación de calquera nivel educativo presente as súas obras no festival, con independencia do enclave xeográfico.

Esta nova edición, o Facom Fest 2025, levarase a cabo entre os días 24 e 27 de novembro de 2025 en Santiago de Compostela.

2. Secciónes

O Facom Fest está conformado por dúas seccións: a sección competitiva e as seccións paralelas.

2.1. Sección competitiva

Dende o equipo de programación do festival, entendemos que a barreira entre modalidades en pleno século XXI é moi difusa. Hoxe en día o documental e o ficcional tenden a converxer, así como outras realizacións máis vangardistas que, consideramos, non deberían de quedar relegadas a unha categoría aparte. Deste xeito, cremos que o máis xusto e acorde con estes tempos é condensar todo tipo de filme dentro do mesmo marco. Así, como xa se indicou previamente, toda persoa que estea estudando na actualidade ou que rematase os seus estudos no curso 2024-2025, poderá presentar obras pertencentes a calquera xénero ou modalidade, pero formalizando a súa inscrición nunha destas dúas categorías:

- **COMPETICIÓN GALEGA**: nesta categoría incluiranse aquelas obras realizadas por:
  - 1) estudantado galego matriculado nunha universidade ou centro de estudos galego;
  - 2) estudantado galego que realizou a súa obra nunha institución académica que non é galega;
  - 3) estudantado non galego que realizou a súa obra mentres cursaba os seus estudos nunha universidade ou centro de estudos galego.
- **COMPETICIÓN INTERNACIONAL**: nesta categoría incluiranse aquelas obras do estudantado de fóra de Galicia que non cumpran co 3º punto da 'Competición galega', sexan da calquera outra zona do territorio español ou global.

As pezas seleccionadas incluiranse na programación e serán proxectadas

2.2. Secciónns paralelas

Dentro das secciónns paralelas, poderá haber unha sección non competitiva aberta a todo tipo de obras enviadas polo estudantado. Está enfocada á exhibición de obras de persoas que queiran visibilizar o seu proxecto sen necesidade de compensación de ningún tipo; así como a aquelas obras que se encadren nos diferentes tipos de pezas de carácter promocional, como videoclips, fashion films ou anuncios e, en xeral, a obras que a organización considere que non teñen encaixe nas categorías competitivas. A inscrición a esta sección formalizarase do mesmo xeito que na sección competitva, o cal será explicado con posterioridade neste documento.

Paralelamente, o equipo de programación deseñará unha pequena mostra temática baixo o lema "Tecnoloxía, novas intelixencias e a imaxe dixital", composta por filmes seleccionados exclusivamente pola organización. Esta liña temática serve unicamente como eixo conceptual desta mostra e non condiciona as obras enviadas polo público participante.

A organización resérvase o dereito a engadir diferentes premios, mencións ou secciónns paralelas.

As pezas seleccionadas incluiranse na programación e serán proxectadas

3. Inscrición das obras

3.1. A inscrición das obras poderá formalizarse tanto a través deste **formulario** como dende o noso portal na web **Festhome**, que permanecerán abertos dende o 22 de outubro ao 7 de novembro. No formulario, as persoas autoras deberán cubrir datos persoais, así como características esenciais da súa obra. Tamén deberán especificar a sección na que queren encadrar a súa obra.

- **3.1.1.** Debe incluírse unha ligazón que permita o visionado e descarga da obra. Os servizos de envío de contidos que se permiten para o festival son, ademais do citado Festhome, os seguintes:

- OneDrive
- Google Drive
- Vimeo (con opción de descarga obrigatoriamente)
- Mega

Aquelas obras enviadas a través doutro medio serán automaticamente descartadas.

- **3.1.2.** Para a sección competitiva, é requisito esencial que toda persoa ou equipa que presente as súas obras engada neste **formulario** unha ligazón a unha carpeta compartida na que se inclúan un dossier da peza en formato editable (.docx ou .odt) xunto cos materiais gráficos por separado. Neste dossier deben ser incluídos os seguintes datos, no caso de habelos:



3. Inscrición das obras

- **Nome da obra**
- **Ano de realización**
- **País de produción**
- **Centro de ensino**
- **Idioma da obra**
- **Duración da obra**
- **Dirección**
- **Produción**
- **Guión**
- **Nomes do elenco e personaxes**
- **Montaxe**
- **Fotografía**
- **Son**
- **Banda sonora orixinal**
- **Arte**
- **Breve sinopse/resumo da peza (entre 25 e 250 palabras)**
- **Traxectoria previa da peza, especificando en que ámbito se realizou e se foi seleccionada nalgún concurso ou festival anteriormente**

Os materiais gráficos que deben ser achegados son:

- Fotogramas da peza e póster (en caso de telo)
- Tráiler ou teaser (en caso de telos; en lugar do arquivo acéptase tamén unha ligazón ao clip)

En caso de selección, a información e materiais aportados poderán ser empregados para a elaboración de contidos na web e redes sociais do festival.

Aquelas obras enviadas sen achegar a información solicitada serán automaticamente descartadas, así como nas que falten os datos requeridos previamente.

3. Inscrición das obras

3.2. As obras inscritas deben cumprir as seguintes características técnicas:

- Duración: 60 minutos máximo
- Resolución: mínima 720p e máxima 1080p na inscrición. As obras seleccionadas deberán facilitar unha versión en 4K ou na maior calidade dispoñible para a proxección cando o festival se poña en contacto coas persoas autoras
- Formatos de arquivo: .mp4, .mov ou QuickTime
- Códec: H.264 ou H.265
- Subtítulos para aquelas obras realizadas en idiomas que non sexan galego ou castelán (formato .srt). Se non fose posible, por incompatibilidade técnica ou práctica, acudir con subtítulos nalgunha destas dúas linguas, sería necesario achegar subtítulos en inglés

3.3. Cada persoa poderá presentar un máximo de 3 obras, mais cunha inscrición independente para cada unha.

3.4. O prazo de inscrición das obras abrangue dende o 22 de outubro ata o 7 de novembro de 2025. Unha vez pechado, a organización do festival formará un comité de selección que decidirá que obras forman parte do programa.

De ser escollida a obra, contactarase previamente ao anuncio da programación ca persoa autora para asegurar a súa conformidade coa categoría adxudicada e a proxección da súa peza.

O festival gárdase os dereitos de poder exhibir as obras seleccionadas durante o período dun ano para a proxección noutros posibles eventos en universidades e centros galegos, sempre con fins non lucrativos.

4. Xurado e premios

Nas categorías competitivas, COMPETICIÓN GALEGA e COMPETICIÓN INTERNACIONAL, haberá unha obra gañadora por cada unha que será obsequiada con trofeo e diploma acreditativo e:

1) No caso galego, un premio valorado en 300€ máis unha mentoría virtual personalizada de 4 horas (existindo a posibilidade de condensalas nunha única sesión ou en dúas de 2 horas cada unha) coa distribuidora La Machina, en vistas a orientar ao equipo da curta no mundo da distribución e promoción;

2) No caso internacional, un premio valorado en 200€.

Alén dos premios, o xurado resérvase o dereito a outorgar, como máximo, cinco das seguintes mencións en cada unha das dúas categorías:

- **Mellor dirección**
- **Mellor dirección de fotografía**
- **Mellor dirección de arte**
- **Mellor guión**
- **Mellor montaxe**
- **Mellor actuación**
- **Mellor son**
- **Mellor banda sonora**

Deste xeito, o xurado poderá escoller entre estas 8 mencións cales outorgar aos participantes (lembramos, máximo 5). A organización resérvase o dereito a non entregar ningunha mención se non o considera necesario.

4. Xurado e premios

Ademais, outorgarase un novo premio, de carácter obrigatorio, correspondente ao Premio do Público. Ao final de cada xornada de proxeccións, compartirase un QR entre o público asistente a través do cal accederá a unha enquisa onde poderán valorar, do 1 ao 5, cada unha das pezas proxectadas nesa sección. Deste xeito, calcularase unha puntuación media de cada obra. Finalmente, aquela obra que acade a máxima puntuación media recibirá o Premio do Público. En caso de empate nas medias, gañará a peza cun maior número de máximas puntuacións. Será necesaria unha participación significativa sobre o total para que a puntuación se tome en conta. Este premio estará valorado en 100€.

Na sección competitiva haberá un xurado para cada categoría (formado por unha persoa do xurado novo, unha persoa que traballe dentro do sector audiovisual e unha persoa que se dedique á crítica de cine) coa fin de ter unha maior amplitude de percepcións en canto á valoración das obras:

- **Xurado novo:** estará composto por estudantes pertencentes á USC. A escolla deste xurado partirá da realización dun formulario que as persoas interesadas en formar parte do festival deberán cubrir cos seus datos persoais e categoría na que lles gustaría participar.

- **Xurado profesional:** estará composto por unha persoa profesional do sector audiovisual e por unha persoa que se dedique á crítica de cine.

Cabe destacar a nosa entrega por garantir unha representación equilibrada, reafirmando o noso compromiso coa igualdade de xénero e coa visibilidade de todas as voces no que á configuración do xurado e da programación se refire.

Para calquera dúbida ou consulta relacionada con algunhas das cuestións tratadas no documento, as persoas interesadas en participar poden poñerse en contacto coa organización do festival a través do seguinte correo electrónico: **facomfest@gmail.com.**

FaCoM FEST 2025

agardamos a vosa participación!